



INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

MATERIA LOMLOE: Xeografía, Historia, Patrimonio e Arte de Galicia
CURSO NO QUE SE IMPARTE: 2º bacharelato

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

Prehistoria. O patrimonio artístico e cultural galego caracterízase pola súa riqueza, diversidade e extensión xeográfica, así como pola vinculación á paisaxe que o rodea. Abundan os monumentos megalíticos, como dolmens, gravados rupestres ou castros e poboados fortificados da Idade do Ferro, e son numerosos os restos romanos, entre os que destaca a muralla de Lugo ou a torre de Hércules, da Coruña.

2. Época medieval: Santiago de Compostela e os Camiños de Santiago, que tiveron o seu esplendor na Idade Media, foron declarados polo Consello de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo e actualmente son percorridos cada ano por milleiros de persoas.

Na meta da ruta xacobeá está a catedral de Santiago de Compostela, un dos principais símbolos de Galicia polo seu valor patrimonial, pola súa importancia histórica na conformación da propia identidade europea e pola súa proxección para a imaxe da comunidade galega no exterior. O mestre Mateo.

3. Idade Moderna: Durante a Idade Moderna, cunha sucesión de crises económicas e culturais, a arte entra en certa decadencia, polo que o Renacemento non é un período destacable na historia da arte galega. Todo o contrario sucede co Barroco, que tivo en Compostela un desenvolvemento específico e frutífero. Domingos de Andrade

4. Idade Contemporánea: No discorrer do século XIX, coa revitalización cultural que supuxo o Rexurdimento, Galicia é influída polos movementos artísticos e culturais que marcaron Europa, entre eles o modernismo.

Finalmente, no século XX e no actual XXI atopamos unha xeración de artistas que crean unha escola galega que conecta coas correntes internacionais, destacando entre outros Francisco Asorey, Carlos Maside, Luís Seoane, Maruxa Mallo ou Isaac Díaz Pardo.

➤ **Metodoloxía das clases:**

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Patrimonio Artístico e Cultural permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estea permanentemente presente, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de forma especial as TIC.